



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O DÍA 21 DE ABRIL DE 2017.

Visto o acordo de goberno acadado o 25 de marzo entre o grupo político PP e do PGD faise necesario reorganizar o réxime de delegación de competencias e de adicacións e posibles compatibilidades dos cargos electos.

Visto que en breve se procederá á elaboración do proxecto de orzamentos municipais para o ano 2017 faise necesario aprobar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo contraincendios e salvamento.

Visto que o 31 de marzo asinouse o Convenio de colaboración entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois e o 3 de abril preséntase a solicitude de subvención no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, e

Considerando o previsto no artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF),

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **21 de abril de 2017 (venres) ás 12:00 horas**, coa seguinte orde do día:

1.- Modificación número 1 do réxime de adicacións parciais de diversos cargos e recoñecemento de compatibilidades.

2.- Aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo contraincendios e salvamento.

3.- Ratificación da inclusión na Orde do día da sesión plenaria do Decreto do Alcalde 231/2017 do 31 de marzo de 2017 polo que se aproba o convenio de colaboración entre os concello de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do Obradoiro de emprego "Terras de Iria IV".

4. Ratificación do Decreto do Alcalde 231/2017 do 31 de marzo de 2017 polo que se aproba o convenio de colaboración entre os concello de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do Obradoiro de emprego "Terras de Iria IV".

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)